

INSTRUCION DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO DO 17 DE SETEMBRO DE 2020, SOBRE MEDIDAS APLICABLES AO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI) DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AO SARS-CoV-2

Segundo o comunicado da Xerencia de data 2 de xullo de 2020, e tal como informou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), actualmente o nivel de risco comunitario considerado polo Ministerio de Sanidade é baixo ou moi baixo, polo que todos os grupos vulnerables considéranse un nivel de risco 1 (NR1). Neste contexto, o persoal traballador considerado vulnerable pode traballar coas mesmas medidas preventivas indicadas para o persoal non vulnerable.

Non obstante, dado que entre o persoal docente e investigador (PDI) vulnerable hai diversos niveis de vulnerabilidade, e tendo en conta a recomendación do SPRL, co obxectivo de incrementar a protección prevista polas autoridades sanitarias para protexer e previr, na medida do posible, o risco de contaxio e así garantir a seguridade no contorno laboral, respecto do persoal incluído nas dúas clasificacións de vulnerabilidade individual máis elevada, disponse:

Primeiro.- O persoal especialmente vulnerable en relación á infección de SARS-CoV-2, poderá realizar a súa labor docente de xeito non presencial, impartindo docencia a distancia desde o seu despacho ou calquera outra dependencia universitaria que reúna as condicións sanitarias requiridas, cando no seu informe de vulnerabilidade figure algunha das seguintes indicacións:

- Só pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 e NR4 se é posible que traballe nunha zona sen contacto con posibles sintomáticos.
- Non pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 nin NR4.

No caso de que este persoal decida voluntariamente realizar a súa labor docente de xeito presencial, deberá facelo cumprindo as medidas recomendadas polo SPRL

Este persoal deberá comunicar á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado (vicprof@uvigo.es) a forma en que vai desenvolver o seu traballo. Tamén deberá comunicalo á dirección do seu departamento e ás direccións ou decanatos dos centros nos que imparta docencia para que tomen as medidas oportunas.



Segundo.- Esta medida abranguerá o primeiro cuadrimestre do curso 2020/21, sen prexuízo de que poidan producirse modificacións nos niveis de risco comunitario polo Ministerio de Sanidade e, se é o caso, se deban adoptar as medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.

Terceiro.- O persoal vulnerable non incluído nos niveis de vulnerabilidade especificados no punto 1, terán que adoptar de ser necesarias, as medidas especiais establecidas polo SPRL para o nivel de risco NR1, sen prexuízo de modificacións na súa situación derivado do seu estado de saúde ou da evolución da pandemia.

Cuarto.- A Universidade de Vigo proporcionou dúas mascarillas a todo o PDI. Aínda que non é necesario no nivel de risco NR1, tamén proporcionará unha pantalla facial a cada membro do PDI declarado vulnerable polo SPRL que o solicite á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade (vicplan@uvigo.es). A Universidade non proporcionará aquel outro equipamento de protección que o PDI voluntariamente desexe utilizar.

